

Reigosa: “Falo sobre o que somos con seres collidos da tradición”

O escritor presentou o seu novo libro, ‘A escola de Briador’, en Lugo

JAUREGUIZAR ■ LUGO

■ O escritor mindoniense Antonio Reigosa apuntou que, ao igual co resto das súas obras, *A escola de Briador* (Everest) “ten un trasfondo de crítica, porque eu falo sobre o que somos a través duns seres que collo da tradición”. O autor presentou onte este novo traballo no Museo Provincial de Lugo.

O músico Antón Castro coincidiu nesta idea de Reigosa ao sinalar que *A escola de Briador* é unha grande metáfora sobre a sociedade galega “porque os trasnos que aparecen neste relato esquecen a súa linguaxe, as súas mañas e o seu xeito de vida; algo que lle ocorre tamén os galegos”.

O académico Darío Xohán Cabana apuntou cara a que Antonio Reigosa “collé a tradición para escribir este texto, pero logo esquece e introduce elementos moi modernos, porque os seus trasnos están ao día das novas tecnoloxías”.

O autor de *A escola de Briador* ratifica a Cabana indicando que “sempre se di que hai que escritores que traballamos mirando para o pasado; o que acontece é que nos fixamos máis para o pasado”.

Antonio Reigosa percibe un maior respecto pola literatura popular en Galicia, respecto que se debe en parte ao seu labor, pero entende que precisa de medrar, “por iso os trasnos montan a escola e gravan as súas sesións, para poder reinterpretar o mito”.

Para que se produza ese me-



Antonio Reigosa e Encarna Lago escoitan os intervinientes na presentación no Museo Provincial

J. VÁZQUEZ

A DESTACAR

Cabana salienta que o autor “se inspira na tradición para logo esquecela”

Antón Castro atopa nos trasnos do libro unha metáfora do abandono galego

O narrador mindoniense percibe un maior respecto pola literatura oral

dre, o escritor pide que as institucións públicas se impriquen no traballo de campo e na investigación, deixando a recrea-

ción para os autores.

Antón Castro interpretou un cantar de cego inspirado no libro e se proxectaron ilustra-

cións de Noemí López, nun acto no que se contaba tamén con Encarna Lago, Cristina Lombao e Irene Penas.